

## Protocolo de actuación ante posibles casos de COVID-19 na Universidade de Vigo

## Contido

Contido.....	2
1. Preámbulo.....	3
2. Responsable Global COVID-19 da Universidade de Vigo.....	3
3. Persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19 do edificio/centro .....	3
4. Sala COVID.....	4
5. Medidas de actuación ante a aparición de casos con síntomas compatibles ca COVID-19	
4	
5.1 Persoal traballador/alumnado da Universidade de Vigo	4
5.2 Persoal de empresas e entidades externas	5
6. Actuación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo.....	6
7. Actuación do Departamento de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención Alleo ....	6
8. Información sobre protección de datos persoais .....	8
9. Deber de confidencialidade .....	9
Anexo I. Definicións .....	10

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

V03 (30/07/2021)

## 1. Preámbulo.

Neste protocolo establécense as medidas de actuación ante a posibles casos de COVID-19 na Universidade de Vigo.

## 2. Responsable Global COVID-19 da Universidade de Vigo.

Na Universidade de Vigo a persoa responsable global da xestión das actuacións derivadas da COVID-19 é o Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade.

A persoa responsable da COVID-19 da Universidade actuará como interlocutor da Universidade coas Autoridades Sanitarias e educativas da Comunidade Autónoma segundo o establecido nas “RECOMENDACIONES DEL MINISTERIO DE UNIVERSIDADES A LA COMUNIDAD UNIVERSITARIA PARA ADAPTAR EL CURSO UNIVERSITARIO 2020-2021 A UNA PRESENCIALIDAD ADAPTADA Y MEDIDAS DE ACTUACIÓN DE LAS UNIVERSIDADES ANTE UN CASO SOSPECHOSO O UNO POSITIVO DE COVID-19” de 31 de agosto de 2020.

[https://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Universidades/Ficheros/Recomendaciones\\_del\\_Ministerio\\_de\\_Universidades\\_para\\_adaptar\\_curso.pdf](https://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Universidades/Ficheros/Recomendaciones_del_Ministerio_de_Universidades_para_adaptar_curso.pdf)

## 3. Persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19 do edificio/centro

Cada edificio/centro universitario debe ter unha persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19. Nos centros docentes e de investigación será o director/a, decano/a ou persoa/as nas que delegue, noutro tipo de edificios ou centros será a persoa designada ao efecto. A identidade, desta ou destas persoas, deberá ser comunicada ao persoal e aos usuarios do centro así como ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo. ([anexo II](#)).

A persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19 cando lle comuniquen un caso confirmado ou un caso con sintomatoloxía compatible coa COVID-19 (caso sospeitoso ou probable) realizará as seguintes actuacións:

- Solicitará o nome e o teléfono de contacto do caso. Comunicaralle que debe realizar illamento domiciliario dende ese momento e poñerse en contacto telefonicamente cos servizos de saúde, chamando ao teléfono **900400116** ou co médico do servizo sanitario que lle corresponda, ou no caso de presentar sintomatoloxía grave, contactar co 112 o co 061.
- Realizará a procura inicial de contactos estreitos na universidade do caso, recompilando o nome e o número de teléfono dos posibles contactos estreitos O período para considerar será desde 2 días antes do inicio dos síntomas ata o momento no que a persoa é illada. Nos casos asintomáticos confirmados por PCR, os contactos

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

buscaranse dende 2 días antes da data de diagnóstico. (páx. 5 Guía actuación ante aparición casos en centros educativos do MS de data 27/08/2020)

- Comunicará, o máis axiña posible, ao Servizo de Prevención de Riscos da universidade o nome e número de teléfono tanto do caso como dos seus posibles contactos estreitos. Esta comunicación realizarase mediante o formulario “Registro comunicación dos casos COVID-19”, dispoñible na Secretaría virtual > Formularios e enquisas > Privadas > Comunicación de datos de casos covid-19. Tamén pode acceder, premendo neste [enlace](#).
- Comunicará mediante correo electrónico ao Servizo de Prevención de Riscos da universidade a información que reciba do caso no que se refire á evolución da situación (confirmación, descarte, alta clínica).
- Colaborará cos servizos públicos de saúde ma procura de contactos estreitos, se llo requiren.

## 4. Sala COVID

En cada centro destinarase unha sala para illar as persoas que poidan presentar síntomas compatibles coa COVID-19 mentres non abandonan o centro. Nos edificios compartidos por varios centros poderán ter unha única sala. Esta sala deberá contar cunha ventilación adecuada, máscaras cirúrxicas, luvas desbotables, solución alcohólica, papel ou panos desbotables e un cubo con tapa accionada por un pedal con bolsa que sexa resistente y que se poida pechar moi ben.

Logo da atención a unha persoa con síntomas na sala, procederase a súa ventilación, limpeza e desinfección.

## 5. Medidas de actuación ante a aparición de casos con síntomas compatibles ca COVID-19

### 5.1 Persoal traballador/alumnado da Universidade de Vigo

Será responsabilidade persoal a vixilancia pasiva do seu estado de saúde.

- O persoal traballador ou o alumnado da Universidade de Vigo, non acudirá as instalacións da universidade e terá que comunicar o seu estado á persoa encargada dos aspectos COVID-19 do seu centro de traballo ou do centro onde curse estudos, cando:
  - presente síntomas asociados a esta (febre, tose, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado),
  - se lle diagnosticara a enfermidade e non finalizara o período de illamento requirido.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

- mentres estea en corentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 10 días.
- Se durante a actividade na universidade algunha persoa da comunidade universitaria presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19,
  - abandonará a súa actividade,
  - avisarase á persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19 do centro,
  - de ser necesario trasladarase á persoa afectada á sala do edificio destinada para tal fin (sala COVID),
  - tanto á persoa acompañante como á persoa afectada se lles facilitará unha máscara cirúrxica.
  - se por calquera motivo a persoa afectada non pode utilizar máscara, a persoa acompañante deberá levar máscara FFP2 sen válvula.
  - naqueles casos nos que a persoa afectada teña dificultade respiratoria, dor torácica ou sintomatoloxía que indique gravidade avisarase ao 112.
  - en canto sexa posible, a persoa, abandonará o centro coa máscara colocada para realizar illamento domiciliario. Unha vez no seu domicilio, porase en contacto por vía telefónica co médico do seu servizo sanitario para comunicarlle a sintomatoloxía e seguir as instrucións que lle dean dende o dito servizo sanitario.
- O alumnado da Universidade de Vigo afectado, deberá informar da evolución da súa situación (confirmación, descarte, alta clínica) á persoa responsable dos aspectos COVID do seu centro.

## 5.2 Persoal de empresas e entidades externas

Están incluídas neste apartado o persoal das empresas e entidades externas que realicen traballos nas instalacións da universidade e as persoas que desenvolvan actividades en espazos cedidos pola mesma. Como exemplo deste último caso, podemos citar ao profesorado e alumnado do Centro de Linguas.

Será responsabilidade da persoa da empresa ou entidade externa a vixilancia pasiva do seu estado de saúde.

- O persoal das empresas ou entidades externas afectado pola enfermidade COVID-19, non acudirá as instalacións da universidade, cando
  - presente síntomas asociados a esta (febre, tose, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou gusto, diarrea, dor de garganta, , dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado).
  - se lle diagnosticara a enfermidade e non finalizara o período de illamento requirido,

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

- mentres estea en corentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 10 días
- Se durante a actividade na universidade a persoa afectada, presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19,
  - abandonará a súa actividade
  - avisará ao seu xefe directo quen llo comunicará á persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19 do centro,
  - abandonará o centro de traballo en canto sexa posible coa máscara colocada para realizar illamento domiciliario e seguirá as instrucións que lle indique o protocolo da súa empresa
  - no caso de non poder abandonar o centro de forma inmediata, trasladarase á sala do edificio destinada para tal fin (sala COVID) e seguirase o establecido no apartado 5.1

## 6. Actuación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), cando reciba a comunicación dun caso confirmado ou con sintomatoloxía compatible ca COVID-19 por parte dunha das persoas encargadas dos aspectos relacionados coa COVID-19, realizará as seguintes actuacións:

- Asegurarase de que á persoa afectada xa se lle indicou a necesidade de illamento domiciliario e non se atopa nas instalacións da universidade.
- Se o caso é do ámbito laboral:
  - porase en contacto co Departamento de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención Alleo, o máis axiña posible, para comunicarlle o nome e o número de teléfono da persoa afectada, así como os nomes e os números de teléfono dos posibles contactos estreitos do caso.
  - informará ao responsable COVID-19 do centro da evolución do caso segundo a información recibida do Departamento de Vixilancia da Saúde (Confirmación, descarte, alta clínica).
- Informará ao Responsable Global COVID-19 da Universidade de Vigo.

## 7. Actuación do Departamento de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención Alleo

Unha vez recibida a comunicación dende o SPRL da Universidade de Vigo da existencia dun caso confirmado ou con sintomatoloxía compatible ca COVID-19 entre o persoal traballador

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

da Universidade de Vigo, o Departamento de Vixilancia da Saúde realizará as seguintes actuacións:

Contactará, por vía telefónica, coa persoa afectada para solicitar información sobre a sintomatoloxía, confirmar se o Servizo Galego de Saúde lle está a facer o seguimento caso xa foi comunicado ao Servizo Galego de Saúde Departamento de Saúde Pública do SERGAS; se é así o Departamento de Vixilancia da Saúde quedará a disposición do SERGAS para colaborar en todo o necesario. Se non é así procederá a declarar o caso ao SERGAS, e se seguirá as súas indicacións:

- Se o seu médico do servizo sanitario e o médico do traballo consideran que a sintomatoloxía que presenta a persoa traballadora non é sospeitosa de COVID-19, este permanecerá en illamento polo tempo que o determine o seu médico do servizo sanitario e non se iniciará o procedemento de triaxe de contactos estreitos.
- Se o seu médico do servizo sanitario considera que a sintomatoloxía é sospeitosa de COVID-19 o Departamento de Vixilancia da Saúde comezará o procedemento de triaxe de contactos estreitos, polo que procederá a contactar telefonicamente coa listaxe de posibles contactos estreitos para determinar se cumpren criterios ou non.
- Se o seu médico do servizo sanitario ten dúbidas sobre se a sintomatoloxía que presenta a persoa traballadora é debida ao SARS-CoV-2, vai demorar a realización da PCR e fará un seguimento da devandita sintomatoloxía. Nestes casos o Departamento de Vixilancia da Saúde expedirá un informe segundo o modelo do Anexo I do documento «Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2» do Ministerio de Sanidad de data de 15 de febreiro de 2021, declarando á persoa traballadora como “caso sospeitoso” en indicando o seu illamento domiciliario. Do mesmo xeito que no caso anterior o Departamento de Vixilancia da Saúde procederá á triaxe de contactos estreitos do caso sospeitoso no seu ámbito laboral por vía telefónica.
- Se a PCR do caso sospeitoso resultase negativa, suspenderase a identificación e control dos contactos. No caso de que se illara a contactos estreitos daráselles a alta.

A triaxe de contactos estreitos do caso sospeitoso, probable ou confirmado corresponde ao Departamento de Vixilancia da Saúde no ámbito laboral. Para iso contactará telefonicamente cos posibles contactos estreitos e comprobará se cumpren criterios para a súa declaración. Se os cumpren expediralles o informe de contacto estreito segundo o modelo do Anexo I do documento «Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2» do Ministerio de Sanidad de data de 15 de febreiro de 2021, para que o presenten ante o seu médico do servizo sanitario e indicarlles o illamento domiciliario segundo a normativa.

Tamén corresponde ao Departamento de Vixilancia da Saúde o seguimento activo dos contactos estreitos no ámbito laboral. Este seguimento realizarase por vía telefónica, contactando diariamente coa persoa traballadora en illamento para comprobar se aparece sintomatoloxía sospeitosa ou non.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

Se durante a vixilancia activa dos contactos estreitos algún deles desenvolvese sintomatoloxía compatible ca COVID-19 expediráselle o certificado de caso sospeitoso e remitiráselle por correo electrónico para que o presente por medios telemáticos ante o seu médico do servizo sanitario. Se a sintomatoloxía aparece antes de transcorrer 48 horas dende o illamento iniciárase o procedemento de procura de contactos estreitos no ámbito laboral. Se fose despois de 48 horas dende o illamento non se realizará a triaxe de contactos estreitos. Informarase mediante correo electrónico ao SPRL da Universidade de Vigo do paso de contacto estreito a caso sospeitoso e da necesidade de buscar de novo contactos estreitos do dito caso.

O Departamento de Vixilancia da Saúde informará ao SPRL da Universidade de Vigo da declaración de casos sospeitosos e de contactos estreitos.

A volta a actividade laboral, tanto dos casos como dos contactos estreitos que estean en situación de incapacidade temporal (IT), é competencia do médico do servizo sanitario da persoa traballadora.

## 8. Información sobre protección de datos persoais

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou “RXPDP”) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), os datos persoais serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar polo Servizo de Prevención de Riscos da Universidade de Vigo o seguimento e vixilancia epidemiolóxica da COVID-19, salvaguardar os intereses vitais esenciais das persoas físicas e por razóns de interese público no ámbito da saúde pública sen que poida ser utilizada para ningunha outra finalidade, nin comunicada a terceiros distintos dos previstos na normativa sanitaria e respectando o previsto no artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais.

O tratamento de datos persoais realízase en aplicación do disposto na Orde SND/404/2020, de 11 de maio, de medidas de vixilancia epidemiolóxica da infección por SARS-CoV-2 durante a fase de transición cara unha nova normalidade que cualifica o COVID-19, enfermidade producida pola infección polo virus SARS-CoV-2 como enfermidade de declaración obrigatoria urxente. A base de lexitimación para dito tratamento atópase no previsto nos artigos 6.1.c) e d); 9.1. b), c), g), i) e h) do RXPDP en relación co disposto na Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei orgánica 3/1986, de 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 33/2011, de 4 de outubro, xeral de saúde pública e na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e seguindo as Recomendacións do Ministerio de Universidades á comunidade universitaria para adaptar o curso universitario 2020-2021 a unha presencialidade adaptada e medidas de actuación das universidades ante un caso con sintomatoloxía compatible coa COVID-19 sospeitoso ou un positivo de covid-19 e as Instrucións do 30 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de previsión de

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Igualmente garantíranse os demais principios relativos ao tratamento do artigo 5 do RXP, en especial, o relativo á minimización de datos, seguridade e responsabilidade proactiva. En especial, deberá garantirse o principio de minimización cando se comunique a terceiros que puideran estar en contacto cun caso sospeitoso ou confirmado de COVID-19, de xeito que se se transmita a información necesaria para alcanzar a finalidade, evitando en todo momento identificar ou dar datos que permitan a identificación do persoal afectado pola enfermidade e sempre en coordinación co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo.

A información que se lle proporcionará ás autoridades sanitarias deberá respectar os principios de finalidade, proporcionalidade e sempre dentro do establecido nas propias instrucións emitidas polas autoridades competentes, en particular as sanitarias.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderán exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal)

Así mesmo, se o seu dereito non foi atendido, as persoas interesadas teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## 9. Deber de confidencialidade

Tanto os coordinadores COVID dos centros como calquera outra persoa que por razón do seu cargo ou posto de traballo teñan coñecemento de dita información persoal están suxeitos ao deber de confidencialidade previsto no artigo 5 da LOPDGDD e do artigo 5.1.f) do RXP

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

## Anexo I. Definicións

Caso sospeitoso de infección por SARS-CoV-2 a calquera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire. Outros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, axeusia, dores musculares, diarrea, dor torácica, cansazo xeneralizado ou cefalea, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo o criterio clínico.

Calquera caso que cumpra co criterio clínico anterior considerase sospeitoso ata obter o resultado da PCR.

Caso probable é toda persoa con infección respiratoria aguda grave con cadro clínico e radiolóxico compatible con COVID-19 e resultados de PCR negativos, ou casos sospeitosos con PCR non concluínte.

Caso confirmado:

- Con infección activa:
  - Persoa que cumpre criterio clínico de caso sospeitoso e con PCR positiva.
  - Persoa que cumpre criterio clínico de caso sospeitoso, con PCR negativa e resultado positivo a IgM por seroloxía de alto rendemento (non por test rápidos).
  - Persoa asintomática con PCR positiva con IgG negativa ou non realizada.
- Con infección resolta.:
  - Persoa asintomática con seroloxía IgG positiva independentemente do resultado da PCR (PCR positiva PCR negativa ou non realizada).

Caso descartado, caso sospeitoso con PCR negativa e IgM tamén negativa, se esta proba realizouse, no caso que non haxa unha alta sospeita clínica.

Contacto estreito:

- Calquera persoa que proporcionase coidados a un caso: persoal sanitario ou sociosanitario, membros familiares ou persoas que teñan outro tipo de contacto físico similar e que non utilizaran as medidas de protección adecuadas.
- Calquera persoa que estivese no mesmo lugar que un caso, a unha distancia menor de 2 metros (exemplo visitas, reunión) e durante máis de 15 minutos.
- Calquera persoa que viaxe nun avión, tren ou outro medio de transporte terrestre de longo percorrido (sempre que sexa posible o acceso á identificación dos viaxeiros) nun radio de dous asentos ao redor do caso, así como a tripulación ou persoal equivalente que tivese contacto co devandito caso.